



«NOME» «APELIDOS»
«ENDEREZO»
«CODIGO_POSTAL» - «CONCELLO»
«PROVINCIA»

ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE ATRACADA NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO-DEPORTIVAS DO PORTO BELUSO

EMBARCACIÓN DEPORTIVA

EMBARCACIÓN:	«NOME_EMBARCACIÓN»
FOLIO:	«Matrícula»
ESLORA MÁXIMA OU TOTAL:	«Eslora»
MANGA:	«Manga»
PERÍODO DE ATRACADA:	Dende o día da recepción desta notificación ata o 31 de decembro de 2006
LUGAR DESTINADO:	Amarre nº «Praza_concedida»

Vista a solicitude subscrita polo interesado para atracar nun pantalán das instalacións náutico-deportivas do porto de BELUSO a embarcación «Nome_embarcación».

Por delegación da sinatura do presidente de Portos de Galicia, de acordo cos termos da Resolución emitida por este órgano e de conformidade co Regulamento do ente público Portos de Galicia, a Xefa da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia, Lorena Solana Barjacoba ACORDA:

AUTORIZAR a atracada da embarcación mencionada, no lugar e prazo indicados no "asunto". Esta autorización concédese segundo o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e nas condicións particulares que se indican a continuación.

CONDICIÓNS

1. Outórgase polo período comprendido entre o día **da recepción desta notificación ata o 31 de decembro de 2006**.
2. Finalizado o prazo sinalado na condición anterior a autorización quedará extinguida, sendo necesario, para poder continuar na atracada, a tramitación dunha nova autorización polo período seguinte. Para iso, Portos de Galicia tramitará esta, agás que o titular manifieste por escrito antes do 30 de novembro do ano en curso que non desexa unha nova autorización; e sen prexuízo do requirimento de documentación ó titular que precise.
Non obstante, en caso de que o titular adquirise unha nova embarcación de medidas que non excedan a da praza de atracada que ten adxudicada, deberá comunicalo por escrito a Portos de Galicia, xunto coa documentación oficial da nova embarcación, para que este ente público tramite a autorización de atracada axustada a esta.
Se o titular adquirise unha nova embarcación de medidas que excedan as da praza de atracada que ten adxudicada, deberá comunicalo por escrito a Portos de Galicia, xunto coa documentación oficial da nova embarcación, para que este ente público tramite, se é posible, unha autorización de atracada para a dita embarcación nunha praza axeitada ás medidas desta.



- No caso de que o titular da autorización non enviase esta documentación, utilizara unha embarcación distinta da autorizada previamente para ser atracada na praza de atracada e non o comunicara a Portos de Galicia ou incumpriera nalgún caso o presente título, Portos de Galicia anulará de inmediato esta autorización, quedando o titular sen dereito a indemnización ningunha.
3. En caso de que se produza unha Resolución administrativa ou se promulgue algunha disposición legal que orixine un cambio de condicións desta autorización de atracada, procederase de inmediato a adopta-las novas condicións, podendo o interesado, neste caso, renunciar á praza autorizada, sen dereito a indemnización ningunha, procedendo unicamente, de se-lo caso, á devolución das contías correspondentes ó período de tempo non gozado polas tarifas portuarias aboadas por adiantado.
 4. A autorización é persoal e intransferible e outórgase para a atracada da embarcación para a que foi solicitada a praza, polo que o cambio de embarcación supón a tramitación dunha nova autorización.
 5. A presente autorización refírese exclusivamente á atracada da embarcación na praza asignada, prohibíndose especialmente o depósito de materiais de calquera tipo na superficie do pantalán, sendo isto motivo de anulación da autorización de atracada.
 6. O titular non poderá realizar ningunha modificación nas instalacións onde ten a autorización de atracada, nin instalar dispositivos ou elementos nestas, sen contar coa previa autorización expresa de Portos de Galicia. O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atracada.
 7. O titular adoptará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nos seus arredores, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumprir en cada momento as disposicións legais vixentes nestas materias.
 8. Os propietarios ou usuarios das embarcacións serán os responsables dos danos ou avarías que se ocasionen nas instalacións portuarias, elementos de fornecemento, na súa propia embarcación ou de terceiros, coma consecuencia de usos indebidos das instalacións, anomalías nas embarcacións ou malas manobras destas.
 9. En caso de que se detecte a falsidade dalgún dos datos da embarcación que o interesado facilitara a Portos de Galicia para a solicitude da autorización de atracada, especialmente no que se refire a medidas da embarcación e potencia do motor, procederase á inmediata anulación da presente autorización de atracada, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.
 10. Portos de Galicia resérvase o dereito a acceder ás embarcacións para proceder á súa medición no caso en que sospeite da veracidade dos datos aportados referentes ás medidas da embarcación, potencia do motor, etc.
O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atracada.
 11. Os datos de carácter persoal obtidos con motivo deste procedemento administrativo van ser incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado, para o exercicio das funcións que como Administración Pública legalmente lle corresponden a este ente público Portos de Galicia – Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias. O devandito organismo é a entidade responsable do ficheiro e o seu domicilio é Portal 5A 6ºB, Praza de Europa, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela
Fóra dos supostos anteriores, e sen prexuízo do procedemento de disociación previa dos seus datos persoais, a cesión destes datos farase de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos, cos fins relacionados coa xestión e explotación portuaria, para o cal entendemos prestado o seu consentimento, se no prazo dun (1) mes non nos comunica o contrario ao enderezo arriba indicado.
O acceso aos ficheiros por terceiros realizarase para a prestación de servizos de tratamento e técnicos ao responsable dos mesmos.
O exercicio ante o Responsable do ficheiro, dos seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación realizarase nos termos establecidos legalmente considerando as peculiaridades que se derivan do carácter público dos ficheiros deste organismo.
 12. Se por necesidades do servizo fora preciso deixar libre a zona ocupada, o ocupante deberá desatraca-la embarcación no prazo que se lle indique na resolución de desaloxamento. Transcorrido o dito prazo sen realiza-la operación de desatracada será de aplicación a regra 10ª da tarifa X-5.



13. O atraso en cumprir calquera orde das autoridades competentes, relativa a atracadas, desatracadas, amarres ou saída do porto, dará lugar á aplicación da regra 10ª da tarifa X-5 que dispón que a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a cantidade mensual que lle correspondería pagar á embarcación polo número de horas ou fracción de demora.
14. O incumprimento dunha orde de desatracada, cambio de praza ou calquera outra indicación ditada por Portos de Galicia suporá ademais do disposto nos puntos 13 e 14 a anulación inmediata da presente autorización de atracada.
15. O titular poderá solicitar a Portos de Galicia ata dúas tarxetas de acceso a parte da que lle subministrará este ente público, si ben deberá aboar a Portos de Galicia o custo das mesmas na forma en que este determine.
16. Se existise fornecemento de auga ou electricidade a través de tomas, o titular deberá aboar a Tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación a fornecemento. Na actualidade é a tarifa E-3, que se liquidará trimestralmente, a non ser que ditos fornecementos se atopen incluídos na tarifa de conservación e mantemento á que se refire a condición 20ª.
17. O titular deberá aboa-la tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo. Esta tarifa liquidarase por semestres adiantados. O importe da tarifa será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, sempre que manteña asignado o posto de atracada.
18. O titular deberá domicilia-lo aboamento das liquidacións que se facturen polo concepto de tarifas portuarias nunha entidade bancaria.
19. O titular queda obrigado a conservar as instalacións onde dispón da autorización de atraque en perfecto estado de utilización, limpeza, hixiene e ornato.
20. En caso de que exista unha entidade autorizada ou concesionaria da xestión ou explotación das instalacións o titular deberá aboar a esta, as tarifas de conservación e mantemento aprobadas por este ente público.

Santiago de Compostela a,

O PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA

P.D.: A XEFA DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN
(Acordo do 14 de febreiro de 2006)

Asdo.: Lorena Solana Barjacoba.